As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Concello de Monforte de Lemos, ou conforme ao disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De presentar a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada. De non ser así non poderá estimarse como presentada en data.

Establécese un prazo de presentación de solicitudes de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación de anuncio da convocatoria no BOE.

As persoas con discapacidade deberán achegar á solicitude de participación nas probas selectivas a acreditación de tal condición así como do tipo de discapacidade que posúe, conxuntamente coa declaración das adaptacións de tempo, medios e doutra natureza que considere necesarias para a realización das devanditas probas.

### IV. Admisión de candidatos.

Finalizado o prazo de presentación de instancias e comprobado que os aspirantes reúnen os requisitos necesarios para acceder á convocatoria, o Sr. Alcalde aprobará a relación provisional de admitidos e excluídos, xunto coa causa de exclusión, que se publicará no Taboleiro Municipal de Edictos (Praza do Campo de San Antonio) e na web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) a efectos de reclamacións e subsanación de erros, no prazo de 10 días hábiles.

As reclamacións e subsanacións, se as houbese, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que será publicada na forma antes indicada. No caso de que non existan aspirantes excluídos ou non se presenten reclamacións nin subsanacións a lista provisional será elevada automaticamente a definitiva.

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de Edictos e na páxina web municipal.

De acordo co establecido na Lei 13/1982, de 7 de abril, serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes. Só poderán establecerse exclusións por limitacións psíquicas e físicas nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a súa realización. Na solicitude de participación, os interesados deberán formular a petición correspondente, especificando en que consiste concretamente a adaptación. Corresponderá aos interesados, no momento de solicitar tomar parte nas probas selectivas, acreditar documentalmente, a través do Organismo competente, a súa condición de discapacitado, e posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao 33 por 100, debendo achegar ademais ditame técnico facultativo. A compatibilidade para o desempeño das tarefas e funcións propias da praza ás que se opta, haberá de acreditarse por Certificación Médica oficial.

### V. Tribunal.

O Tribunal Cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vocais e un Secretario e os seus respectivos suplentes.

- a) Presidente: Un funcionario de carreira a designar pola persoa titular da Alcaldía.
- b) Vogais: Tres funcionarios de carreira a designar pola persoa titular da Alcaldía

c) Secretario: O da Corporación ou funcionario de carreira en quen delegue, que actuará con voz pero sen voto. Non poderán formar parte do Tribunal: O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

A pertenza ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A súa composición cumprir o estipulado no artigo 60 Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Os membros do tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, os cales deberán limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal constituirase de acordo co establecido no artigo 17 da indicada Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e as decisións adoptaranse por maioría dos votos presentes, resolvendo en caso de empate, o voto do que actúe como Presidente, sendo secretos os seus acordos e deliberacións.

O Tribunal quedará facultado para resolver as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das Bases, para decidir respecto do non contemplado nas mesmas, para incorporar especialistas naquelas probas cuxo contido requira o asesoramento técnico dos mesmos, quen actuarán con voz pero sen voto, podendo, igualmente e para un mellor desenvolvemento dos exercicios, constituír, por concorrer ás probas un elevado número de aspirantes, diferentes grupos destes someténdoselles á realización de exercicios de similar contido en consonancia coa titulación académica esixida na convocatoria e programa da mesma, para establecer probas adicionais ás que figuren na convocatoria en caso de producirse empates de puntuación entre os aspirantes, así como para establecer a realización de probas diferentes para os aspirantes que concorran pola quenda das persoas con discapacidade en función das distintas discapacidades que estas presenten, a condición de que ditas probas permitan demostrar os coñecementos teórico prácticos necesarios e suficientes para o desempeño do posto convocado, contando para iso co asesoramento de persoal técnico e especializado en orde á confección e desenvolvemento das probas a que se lles poderá someter, podendo fixar así mesmo datas diferentes para a realización das mesmas.

## VI. Desenvolvemento dos Exercicios.

O procedemento de selección dos/as aspirantes será o de oposición libre e constará de catro exercicios, un exercicio de coñecementos tipo test, un exercicio práctico e unha entrevista curricular e unha proba de coñecemento da lingua galega.

**Primeiro exercicio**, consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 60 minutos, versará sobre o contido das Materias do programa da convocatoria e que conterá 40 preguntas e 5 de reserva, con catro opcións de resposta, das cales só unha será a correcta. Esta proba práctica terá unha valoración máxima de 4 puntos.

A cualificación do seu exercicio será a correspondente de aplicar o seguinte criterio: cada resposta correctamente acertada puntuará 0,10 puntos. Cada tres respostas erróneas computarán unha penalización dunha resposta acertada. As preguntas non contestadas non suporán penalización.

Serán considerados aptos nesta proba os opositores que superen a nota de corte, establecida inicialmente en 2 puntos.

O Tribunal poderá modificar a nota de corte de acordo co nivel das puntuacións obtidas.

Os aspirantes terán dereito a obter unha copia da súa folla de respostas; igualmente poderán retirar o cuestionario sempre que o exercicio se realice nun único chamamento.

**Segundo exercicio**, consistirá na resolución por escrito dun, ou varios, supostos prácticos, relacionados coas materias incluídas no temario desta convocatoria. Esta proba práctica terá unha valoración máxima de 4 puntos.

Serán considerados aptos nesta proba os opositores que superen a nota de corte, establecida en 2 puntos.

Os/as aspirantes serán convocados/as para a realización de ambas as probas en chamamento único, perdendo todos os seus dereitos aquel/a aspirante que o día e hora da proba non se presente a realizala. En calquera momento, os membros do Tribunal poderán requirir aos/as opositores/as que acrediten tanto a súa identidade como que reúnen os requisitos esixidos para tomar parte nas probas selectivas.

Nesta proba valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

**Terceiro exercicio**, consistirá nunha Entrevista curricular, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá nun encontro co tribunal cualificador no que este plantexará preguntas ó/á aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o contido do programa .

Nesta proba valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

A proba valorarase cun máximo de dous puntos.

**Cuarto exercicio**, consistirá nunha proba de coñecemento da lingua galega.

A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego – castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora.

Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 4 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

O cuestionario e o ou os supostos prácticos, serán elaborados polo Tribunal Calificador o mesmo día da celebración, e versarán sobre as materias contidas no temario do programa da convocatoria.

A cualificación final da oposición, será a suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios, sendo 10 puntos a máxima puntuación que poderían conseguir os aspirantes.

Para a realización da proba práctica os aspirantes poderán utilizar toda a lexislación que consideren conveniente que deberán traer en formato papel.

As cualificacións das probas faranse públicas no taboleiro de edictos da Corporación ou poderán consultarse na páxina web Concello de Monforte de Lemos.

Os interesados disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para impugnar calquera das preguntas integrantes dos cuestionarios ou presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Poderá non respectarse o prazo mínimo de 48 horas entre a realización dun ou varios exercicios.

## **VII. Nomeamento.**

Proposta de selección, presentación de documentos e nomeamento.

Concluídas as probas, o Tribunal publicará no taboleiro de edictos da Corporación a relación de aspirantes aprobados por orde de puntuación. Co fin de asegurar a cobertura da praza, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión ou a persoa inicialmente proposta non sexa nomeada ou, de selo, non tomase posesión en forma, entenderase feita a proposta en favor do aspirante que, obtendo superando os exercicios eliminatorios do proceso selectivo alcanzase a segunda mellor puntuación total e así sucesivamente.

Do mesmo xeito actuarase no caso de que algún aspirante fose excluído por non presentación ou falsidade na documentación ou cesase por calquera das causas previstas en Dereito, sen que teña que reunirse novamente o Tribunal para a proposta.

O aspirante proposto polo Tribunal achegará ante o Concello, dentro do prazo de cinco días hábiles, contados desde a data en que se faga pública a relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na Convocatoria así como declaración xurada de non acharse incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lexislación vixente.

O cumprimento do requisito C) da base terceira haberá de acreditarse a través de Certificación Medica Oficial.

Se dentro do prazo establecido e salvo causa de forza maior, o aspirante proposto non presentase a documentación esixida non poderá ser nomeado e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na instancia.

Unha vez presentada a documentación polo candidato proposto, se esta achácese conforme ao establecido nas bases, será nomeado polo Alcalde-Presidente Funcionario Interino.

Para participar nesta convocatoria establécense os dereitos de exame indicados no Anexo que deberán ser ingresados na conta que este Concello mantén na sucursal de ABANCA en Monforte de Lemos ES96 2080 0126 2031 1000 0019. Aqueles aspirantes que resulten definitivamente excluídos non terán dereito á devolución do importe ingresado en concepto de dereitos de exame.

## **VIII. Recursos**

Contra as presentes Bases poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o órgano que aprobou as Bases no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa última publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados igualmente desde o día seguinte ao da súa última publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo

correspondente, todo iso de conformidade cos artigos 114.c), 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición

Contencioso-Administrativa. No caso de interposición de recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses.

#### **IX. Igualdade.**

Faise constar expresamente que calquera termo xenérico referente a persoas, como opositor, aspirante, funcionario, etc. debe entenderse en sentido comprensivo de ambos os sexos.

#### **X. Publicidade dos trámites.**

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de Edictos (Praza do Campo de San Antonio,1 ) e na páxina web municipal.

#### **ANEXO 1.**

Praza: Coordinador/a dos Servicios sociais Municipais.

Subgrupo: A2.

Escala: Administración Especial.

Subescala: Técnico especialista.

Clase: Coordinador/a dos Servicios sociais Municipais. Categoría: Coordinador/a dos Servicios sociais Municipais.. Sistema selectivo: Oposición Libre.

Dereitos Exame: 25,16 € a ingresar na conta É96 2080 0126 2031 1000 0019 da entidade ABANCA a nome do Concello de Monforte de Lemos

Titulación Requerida: Grao ou diplomado en Traballo Social ou equivalente.

#### **ANEXO II**

##### **Temario**

##### **Parte xeral**

1. A Constitución española de 1978: Estrutura. Título preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Da organización territorial do Estado.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia: Título preliminar. Do poder galego. Das competencias de Galicia. Da Administración Pública Galega.
3. Sometemento da Administración pública á lei e ao dereito. Fontes de dereito público. O regulamento: concepto, fundamento e clases. Outras fontes de dereito administrativo.
4. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Dos actos administrativos. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. A obriga de resolver. O silencio administrativo.
5. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Da revisión dos actos en vía administrativa.
6. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público.
7. O municipio: Organización. Competencias. A organización municipal. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados.
8. Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: Persoal ao servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos.
9. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: Clases de persoal. Adquisición e perda da relación do servizo. Xornada de traballo, permisos, licencias e vacacións do persoal público. Dereitos económicos e protección social. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.
10. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas. Procedementos en caso de posible vulneración da normativa de protección de datos.
11. O orzamento xeral das entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: especial referencia ás Bases de execución do Orzamento. A prórroga do Orzamento.



12. Prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas. Protección de datos. Principios e dereitos do persoal Igualdade. Principios reitores.

13. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: Principios reitores da lei. Transparencia da actividade pública.

14.-Lei4/2019, do 17 de xullo, da Administración Dixital de Galicia.

### Parte específica

1. Políticas actuais do Estado de benestar. Concepto de xustiza social. Definición internacional de traballo social(FITS, 2014). Construción histórica do traballo social no marco do proceso e desenvolvemento do benestar social en España. Dereitos e deberes dos profesionais no código deontolóxico do Consello xeral de Traballo Social (2012). Os comités de ética no eido dos servizos sociais en Galicia.

2. Marco legal dos servizos sociais: Constitución española, Estatuto de autonomía, normativa reguladora de réxime local.

3. A política social na Unión Europea: Marco legal. Carta Social Europea. Os Plans Nacionais de Inclusión. As políticas europeas para a inclusión social activa.

4. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: disposicións xerais. Os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: disposicións xerais e dereitos e deberes das persoas usuarias.

5. A estrutura do sistema de servizos sociais regulada na Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.

6. Declaración internacional de principios éticos do traballo social.

7. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: funcións e programas dos servizos sociais comunitarios.

8. Os servizos sociais especializados. Definición, principios, organización, equipamentos, obxectivos e competencias. A situación en Galicia.

9. Servizos sociais de atención primaria. Principios. Obxectivos. Competencias. Organización. Equipamentos. Prestacións básicas que garanten.

10. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: Principios reitores. As familias de especial consideración.

11. A familia como obxecto de intervención no traballo social: concepto, estrutura e funcións. Modelo técnico de intervención.

12. Traballo social e mediación familiar.

13. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: Da infancia e da adolescencia.

14. Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

15. Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención perante o maltrato infantil. Prevención. Detección e tratamento social. Protocolo de actuación ante o maltrato infantil.

16. Protocolo de actuación en abusos sexuais a menores.

17. Clasificación e tipoloxía dos centros de menores na Comunidade Autónoma de Galicia.

18. Procesos sobre a capacidade das persoas adultas na normativa vixente de axuízamento civil. A Funga:definición. O papel dos servizos sociais comunitarios nestes procesos.

19. Terceira idade: concepto, características e aspectos sociais do envellecemento. Necesidades e recursos.

20. Programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial.

21. Programa de acollemento familiar para persoas maiores e persoas con discapacidade. Obxecto e finalidade. Beneficios e requisitos.

22. O servizo de Axuda no Fogar. Normativa, coordinación e funcionamento a nivel autonómico e local. Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Monforte de Lemos.

23. Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación dedependencia.

24. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: disposicións xerais. Dereitos e obrigacións.

25. Discapacidade: conceptos básicos. Aspectos físicos, psíquicos e sociais e legais. Intervención social con persoas con discapacidade. Certificado de discapacidade. Solicitud de recoñecemento e beneficios que achega.

Na regulación estatal e autonómica galega: condicións básicas de emisión e uso da tarxeta europea de estacionamento para persoas con discapacidade.

26. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: Disposicións xerais. Integracións transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Medidas desensibilización, prevención e detención segundo o disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

27. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre homes e mulleres: O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Acción administrativa para a igualdade. Os centros de información ás mulleres en Galicia: concepto e natureza, ámbito territorial e funcións. A rede CIM.

28. Normativa autonómica de prevención e tratamento da violencia de xénero. Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Protocolos de actuación. Equipamentos programas e recursos. Requisitos específicos que deben reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

29. Lei 2/2014 de 14 de abril, por a igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI de Galicia obxecto, ámbito de aplicación, e concepto de discriminación. Medidas no ámbito familiar.

30. Minorías étnicas e integración. Necesidades e recursos. Aspectos sociodemográficos e culturais. Problemáticas específicas e medidas para a integración social.

31. Poboación inmigrante: concepto, problemática, necesidades e recursos. Aspectos sociodemográficos dos movementos migratorios. Marco xurídico e distribución competencial interadministrativa.

32. Asilo e refuxio. Concepto, requisitos e supostos especiais.

33. A Lei 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social: dereitos e liberdades dos estranxeiros. Réxime xurídico dos estranxeiros.

34. Transeúntes: concepto, problemática, necesidades e recursos.

35. A marxinação social. Concepto, causa, clasificación e colectivos de marxinaados sociais. Pobreza e marxinação.

36. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: estrutura e contido. Axudas para situacións de emerxencias sociais. A Renda de Integración social de Galicia.

37. Definición e funcionamento da tarxeta básica da Xunta de Galicia.

38. Renda de inclusión social. Definición, requisitos, beneficiarios e prestacións económicas. Factores físicos, psicolóxicos e sociais. Programas de intervención social. Itinerarios de incorporación socio laboral.

39. A Seguridade Social en España. Evolución e prestacións actuais. Pensións contributivas e non contributivas. O ingreso mínimo vital.

40. Planificación e programación da intervención social. Fases do proceso de planificación. Elementos e técnicas da programación. Organización e xestión dos recursos.

41. Adicións. Conceptos básicos. Clasificación. Lexislación e marco institucional. Estratexia nacional sobre drogas 2017-2024. Axudas individuais para o tratamento de drogodependencias en comunidades terapéuticas da Comunidade Autónoma Galega.

42. O voluntariado social. Aspectos legais. Estatuto xurídico do voluntariado. O seu papel nos servizos sociais.

43. Fundamentos e obxectivos do Plan concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas dos servizos sociais comunitarios nas corporacións locais.

44. A saúde mental comunitaria: definición e características. Aspectos sociais e legais para ter en conta na intervención social con persoas con problemas de saúde mental. Saúde mental positiva.

45. Senfogarismo en Europa: concepto e problemática. Resolución de 24 de novembro de 2020 do Parlamento Europeo sobre como abordar as porcentaxes de persoas sen fogar na Unión Europea. Recursos a mobilizar desde os servizos sociais municipais.

46. Vivenda: recursos públicos para o acceso a unha vivenda.

47. O desemprego: a súa incidencia nos servizos sociais. O papel do traballador social.

48. A animación sociocultural. Plan galego de inclusión social.

49. Organizacións non gobernamentais. Concepto. Tipos. Organización e coordinación coas distintas administracións.

50. Organización dos servizos sociais do Concello de Monforte de Lemos. Recursos sociais e prestacións existentes no Concello de Monforte de Lemos

51. Expediente social único. Apoio informático nos servizos sociais: SIUSS e MATIASS. Historia social única.
- 52.O método e a metodoloxía en traballo social. Estrutura básica do procedemento. Fases do proceso metodolóxico.
53. A planificación social no traballo social :Plan, programa e proxecto.
54. Técnicas en traballo social. Instrumentos específicos en traballo social. Xestión das emocións na aplicación das técnicas e instrumentos no desenvolvemento profesional do traballo social.
55. O Traballo Social individual, familiar e grupal.
- 56.O Traballo social en rede. Orixe e concepto de rede. Tipoloxía da rede. Características das redes. Funcións da rede social. Obxectivos do traballo enrede. Fases da intervención. O traballo interdisciplinar na intervención social complexa.
57. A/o traballador/a social como compoñente dun equipo de traballo interdisciplinar: principios básicos, fundamento e funcións. Conceptos básicos; interdisciplinaridade, multidisciplinaridade, interdisciplinaridade e transdisciplinariedade.
58. A entrevista en traballo Social. Tipoloxías. Técnicas aplicables. Transferencia e contra transferencia na relación profesional.
59. A visita domiciliaria en traballo social: Encadramento e estrutura.
- 60.- A investigación social. Técnicas e aplicacións no traballo social. O informe da investigación.
- Monforte de Lemos, 9 de marzo de 2022.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0598

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 16 de marzo de 2022 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de dous postos de peóns de limpeza (75% xornada) con cargo o programa de fomento do emprego 2022 da Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-Dous peóns de limpeza (75% xornada).

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de **tres** días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas na páxina web municipal ([www.monterroso.es](http://www.monterroso.es)), na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello.

Monterroso, 16 de marzo de 2022.- A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 0599

---

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

**LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE FEBREIRO 2022.**

Por Resolución de alcaldía do 15 de marzo de 2022 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes,entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A)Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 13 de abril de 2022 ao 13 de xuño 2022**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 13 de abril de 2022 ao 13 de xuño de 2022**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 16 de marzo de dous mil vinte e dous.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0600

## QUIROGA

### *Anuncio*

Por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 4 de marzo de 2022 prestouse aprobación ás seguintes bases que a continuación se detallan:

**BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 1 DE DECEMBRO DE 2021, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO NÚCLEO URBANO DE QUIROGA 8ª FASE (LUGO). COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018–2021 ANUALIDADE 2021”** que a continuación se transcriben e que se proceda segundo no que nelas se prevé.

#### **Base 1.- Obxecto**

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento de concesión das subvencións destinadas a financiar as actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas ao abeiro do Convenio asinado entre o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Presidenta do Instituto Galego de Vivenda e Solo(o IGVS) e o Concello Quiroga, o 01 de decembro de 2022, relativo a concesión das axudas para a Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo Urbano de Quiroga, 8ª Fase, no marco do Real Decreto 106/2018, de 10 de marzo de 2018, polo que se aproba o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, e do convenio de colaboración previo entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do dito plan, conforme co establecido no artigo 5 do RD 106/2018 e no artigo Terceiro da Resolución de 31 de maio de 2019 por la que se modifica la Resolución de 3 de agosto de 2018 do IGVS.

#### **Base 2.- Ámbito territorial desta convocatoria**

O ámbito no que será de aplicación esta convocatoria é o da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Quiroga, declarada pola Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 48 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, con data 19 de outubro de 2009, ampliada por resolución o 16 de setembro de 2015.

#### **Base 3.- Tipos de actuacións subvencionables**

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

- As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
- As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
- A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
- As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total subvencionable de toda as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do citado RD 106/2018, que non poderá superar os prezos medios de mercado que para tales actuacións correspondan, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da construción de Galicia 2020 ou a normativa que a substitúa.

#### Base 4. Requisitos

##### CONFORMIDADE COA NORMATIVA VIXENTE:

Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa en vigor.

##### CONDICIÓNS DOS INMOBLES:

Non se protexerán actuacións en edificios que carezan das condicións mínimas de habitabilidade, de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade da rede de saneamento, agás que as obras inclúan as actuacións necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

As actuacións no interior das vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiánicos e instalacións de cociña ou doutros servizos de carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa.

Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ó inmovible por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

##### REQUISITOS XERAIS DAS ACTUACIÓNS:

- Toda as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de toda as autorizacións sectoriais preceptivas.
- As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou a memoria elaborada para a súa execución.
- As actuacións que poderán acollerse ás axudas en ningún caso deberán estar finalizadas na data da presentación das solicitudes formuladas segundo a presente convocatoria. Poderán estar iniciadas con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal 2018-2021 (entrada en vigor do 11.03.2018), pero non con anterioridade. O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.
- O custo de todas as actuacións subvencionables incluírá tamén os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto similar, derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.
- O custo subvencionable das obras, incluíndo os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxecto, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios sinalados no punto anterior non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia 2020 ou normativa que a substitúa.
- As edificacións ou vivendas deberán ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.
- As obras que teñen por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.
- As actuacións contarán co acordo da Comunidade ou Comunidades de Propietarios de que se trate, debidamente agrupadas, salvo nos casos de edificios de propietario único, e coa autorización administrativa correspondente, cando sexa preceptiva.

##### Base 5.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das axudas os que asuman a responsabilidade da execución integral do ámbito de actuación.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, que son as que seguen:

a) Cando os beneficiarios sexan persoas físicas deberán posuír a nacionalidade española. No caso dos estranxeiros deberán ter residencia legal en España. Cando sexan persoas xurídicas deberán acreditar ou declarar expresamente na súa solicitude que se atopan debidamente constituídas, segundo a normativa que lles resulte de aplicación. No caso de entidades que carezan de personalidade xurídica propia deberán facerse constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles.

b) Cando os beneficiarios sexan persoas físicas ou unidades de convivencia constituídas por varias persoas físicas a determinación dos ingresos da persoa ou unidade, a efectos da súa valoración para a obtención da axuda, aterase ao seguinte:

- Para os efectos deste real decreto considérase unidade de convivencia ao conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación existente entre todas elas.

- Partirase das contías da base imponible xeneral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49 respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, correspondente aos datos fiscais máis recentes dispoñibles no momento da solicitude da axuda correspondente. Excepcionalmente e ante a non disposición de datos fiscais recentes, se poderá solicitar outras informacións, incluíndo unha declaración responsable sobre os seus ingresos, a efectos de determinar os ingresos reais do solicitante ou da unidade de convivencia. A contía resultante converterase en número de veces o IPREM, referido a 14 pagas, en vigor durante o período ao que se refiran os ingresos avaliados.

c) Os beneficiarios de axudas dos programas estarán obrigados a comunicar de inmediato, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións que poidan motivar ou motivasen tal recoñecemento e que puidese determinar a perda sobrevinda do dereito á axuda. A non comunicación destas modificacións será causa suficiente para o inicio dun expediente de reintegro das cantidades que puidesen cobrarse indebidamente.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumidos por cada unha delas. As persoas beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, non se atribuirá á dita propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se prorrateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.

As persoas interesadas, ao formalizar unha solicitude, sométense ao cumprimento das condicións que se establecen nesta convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan na normativa reguladora que sexa de aplicación ao obxecto das axudas.

Os beneficiarios das subvencións tamén haberán de cumprir as seguintes condicións:

- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na súa normativa de desenvolvemento, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou que non se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.
- Non beneficiarse, dentro do ámbito de actuación, das axudas dos programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas e do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Plan estatal de vivenda 2018- 2021, regulado polo RD 106/2018, do 9 de marzo.
- Estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Quiroga.
- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Quiroga, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias, ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- Executar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.
- Comunicar ao órgano instrutor do Concello calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevinda do dereito á axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Concello e/ou o IGVS considere pertinentes durante a vixencia da subvención.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo Concello ou o IGVS.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.
- As demais que deriven da Resolución do 31 de maio de 2019 (DOGA 108 do 10 de Xuño de 2019) po la que se modifica a do 3 de agosto de 2018 do IGVS (DOG 156 do 17 de agosto de 2018) e do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo e do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

#### Base 6.- Criterios de selección

O Concello, en función da dispoñibilidade económica da ARRU para as axudas e do número máximo delas que se poidan conceder determinará as actuacións subvencionables.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria, será en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a selección de beneficiarios será por orde de entrada en calquera dos medios legais dispoñibles para a entrega de documentación na administración pública que conte cun rexistro de entrada con data e hora. Isto ata que conorra algún destes casos: esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria pública, acabar o número de intervencións concedidas.

En igualdade de condicións, terán preferencia os solicitantes con menor capacidade económica.

#### Base 7.- Programa e contía das axudas

As axudas económicas previstas terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán dirixirse a calquera das actuacións sinaladas na Base 3 da presente convocatoria.

As subvencións concederanse no marco do acordo asinado entre o Concello de Quiroga, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Ministerio de Fomento o día 01 de decembro de 2021, que estima un investimento de 72.039,67 euros, correspondente ás achegas do referido Ministerio, da Xunta de Galicia e dos promotores particulares, para a realización de 5 actuacións cualificadas.

As contías máximas das achegas, segundo figura no convenio, son as seguintes:

Área de Rexeneración e Renovación Urbana: Núcleo urbano de Quiroga	Nº actuacións	Achega Fomento	Achega Xunta
Obras de rehabilitación	5	28.000,00 €	7.235,00 €

#### As subvencións serán as seguintes:

A contía máxima das axudas non poderá exceder do 40 % do custo subvencionable da actuación (sen IVE), esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe do 75 % tamén se aplicará cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acrediten a unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existan persoas con discapacidade ou maiores de 65anos.

A determinación dos ingresos calcularase de conformidade co RD 106/2018.

#### a/ SUBVENCIÓNS ESTATAIS

A contía máxima da subvención calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias e a superficie construída de local comercial ou outros usos establecidos a continuación:

- Para obras de rehabilitación que acaden os obxectivos de redución da demanda enerxética establecidos no artigo 36 do RD106/2018 que obteña nunha redución da demanda de polo menos o 35%:
  - Ata 12.000,00 €/vivenda que se rehabilite, sea unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentación en vivendas, con redución da demanda enerxética, no termos establecidos no artigo 36 do R.D. 106/2018, do 9 de marzo.

No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, incrementárase estas cuantías cuns 120,00 €/m<sup>2</sup> de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, podrá incrementarse en 1.000,00 €/vivenda e 10,00 €/m<sup>2</sup> de superficie construída de uso comercial ou outros usos, no edificios e vivendas declaradas de ben interese cultural, catalogados ou que conten con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

- Para as demais obras subvencionables en edificios e vivendas:
  - Ata 8.000,00 €, por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, da mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do R.D. 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1c) citado no R.D. e no ordinal decimoterceiro.

No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, incrementarase estas cuantías cuns 120,00 €/m<sup>2</sup> de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, podrá incrementarse en 1.000,00 €/vivenda e 10,00 €/m<sup>2</sup> de superficie construída de uso comercial ou outros usos, no edificios e vivendas declaradas de ben interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

- Para os casos de demolición e reconstrución:
  - Trinta mil euros por vivenda (30.000,00 €/vivenda) construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.

#### **b/ SUBVENCIONS AUTONOMICAS**

No caso de que se cumpran os requisitos do número 2 da Base 5 desta convocatoria, poderase obter a seguinte contía adicional:

- Ata catro mil euros por vivenda (4.000,00 €/vivenda) obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder do 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

As contías das axudas indicadas anteriormente axustarase ó financiamento asignado a este Concello na anualidade 2021, no acordo específico asinado na Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, polo que as contías máximas das subvencións indicadas poderán diminuír en función do número de actuacións subvencionadas.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Estas axudas solicitaranse, xestionaranse e resolveranse para a vivenda ou, se é o caso, conxuntamente para todo o edificio, sen prexuízo da súa posterior repartición e repercusión proporcional e destinaranse integramente ao pagamento das cotas correspondentes ás actuacións subvencionables, unha vez repercutidas proporcionalmente.

#### **c/ ACHEGA DO CONCELLO DE QUIROGA**

O Concello aplicará as exencións de pagamento de licenzas e taxas municipais.

#### **Base 8.- Características das axudas económicas**

As axudas previstas nesta norma, terán carácter de subvencións a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia non competitiva con convocatoria aberta.

As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación - Portelo único de Vivenda do Concello de Quiroga.

#### **Base 9.- Compatibilidade das axudas**

- As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.
- Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

#### **PROCEDEMENTO (CUALIFICACIÓN PROVISIONAL)**

#### **Base 10.- Iniciación, Instrución e Resolución**

A iniciación do procedemento terá lugar mediante a Convocatoria pública incluída nestas bases segundo o previsto no artigo 23.2 da LXS.

A instrución do procedemento realizarase pola Oficina Municipal de Rehabilitación que practicará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A resolución dos expedientes corresponderá a Xunta de Goberno Local previa proposta formulada do Xefe da oficina de rehabilitación.

#### **Base 11.- Previa execución de obra, cualificación provisional**

Previa execución das obras, o solicitante deberá obter **Cualificación Provisional** do IGVS, que é o documento que acredita que a actuación proposta e o solicitante cumpren as condicións normativas. Conterá a identificación da persoa solicitante e describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do remate das obras.

Os pasos a seguir para acadar **Cualificación Provisional** son:



- Solicitude de cualificación provisional, modelo normalizado segundo o ANEXO, acompañada da documentación do artigo 13 das bases.
- Os técnicos da oficina de rehabilitación farán Inspección técnica in situ. En base á inspección e revisada a documentación achegada coa solicitude, se emitirá informe e proposta, se procede, do cumprimento das condicións de subvención para concesión de Cualificación provisional.
- Pola Xunta de Goberno Local se acordará, se procede, remitir a proposta de cualificación provisional á área provincial do IGVS, que conerá a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido e o prazo de execución das actuacións. A esta proposta deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos esixidos polo Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.
- Daqueles expedientes que cumbran os requisitos, a persoa titular da correspondente xefatura territorial do IGVS, ditará unha resolución sobre a cualificación provisional, que remitirá á Oficina de Rehabilitación de Quiroga.
- A Oficina de Rehabilitación de Quiroga remitirá a resolución sobre a cualificación provisional ao solicitante.
- Acadada a Cualificación provisional e o título habilitante necesario, Licenza ou Comunicación previa, o solicitante poderá iniciar as obras.

Serán causas de denegación da cualificación provisional, as seguintes:

a) Que a actuación prevista non se atope entre as actuacións de rehabilitación acollidas neste programa.

b) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, da RESOLUCIÓN do 31 de maio de 2018 polo que se modifica a RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, o Convenio entre Fomento, o IGVS o Concello de Quiroga de 01 de decembro de 2022 e as presentes bases.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais da IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

#### **Base 12. Solicitude**

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no rexistro do Concello de Quiroga, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No modelo de solicitude se solicita unha visita de inspección técnica previa ó inicio da instrución.

As persoas e as entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, as administracións públicas actuantes poderán requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo.

No modelo de solicitude realizaranse as seguintes declaracións:

- Declaración responsable das persoas beneficiarias das subvencións de non ter solicitado ou obtido ningunha outra axuda para a mesma actuación. No caso de ter solicitada ou concedida algunha outra axuda, deberá indicar cales e o seu importe así como a administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.
- Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida.
- Que todos os datos da solicitude e nos documentos que se achegan son correctos.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.
- Declaración responsable de que non se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables á persoa solicitante.

#### **Base 13. Documentación que acompaña á solicitude para acadar cualificación provisional:**

Coa solicitude de axudas achegarase a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa da identidade da persoa ou entidade solicitante e, de ser o caso, da súa persoa representante.
- b) Xustificación da titularidade do edificio ou vivenda.

c) Proxecto técnico ou memoria no que se describan as obras a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo. O proxecto ou memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

d) Licenza, comunicación previa e/ou autorizacións necesarias para a execución das obras.

e) No caso de que a persoa solicitante sexa unha entidade sen personalidade xurídica ou persoa xurídica, pública ou privada, documentación acreditativa da súa constitución, así como o acordo para a execución das obras que son obxecto da solicitude de subvención.

f) No caso de que as obras se realicen en edificios de tipoloxía residencial colectiva, unha relación de persoas propietarias do edificio, con indicación da súa identidade e a referencia catastral de cada vivenda e local, así como unha certificación de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Calquera outra documentación necesaria para acreditación do cumprimento dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

h) No caso de solicitar acollerse ao incremento da porcentaxe até o 75% (do Ministerio de Fomento) e do 10% (da Xunta de Galicia) por ter ingresos a unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio inferiores a tres veces o Indicador Público da Renda de Efectos Múltiples (IPREM), presentarse copia do documento da última declaración da renda.

Para o cálculo partírase das contías da base imponible xeral e do aforro reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

i) No caso de obras de mellora de accesibilidade, poderán acollerse ao incremento do 75% (do Ministerio de Fomento) e do 10% (da Xunta de Galicia) sempre que se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, a convivencia de persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos, achegaranse para acreditar cada unha destas dúas circunstancias, segundo corresponda en cada caso:

- Certificado de discapacidade dos membros da unidade de convivencia dependentes ou con discapacidade recoñecida.
- Documento acreditativo da idade do membro da unidade de convivencia maior de 65 anos (DNI, Certificado de nacemento...).

j) No caso de solicitar axudas por obras de mellora da eficiencia enerxética, será necesario achegar o certificado calculado mediante programas informáticos recoñecidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica (que se atopan no rexistro xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios) do estado previo e xustificar a mellora obtida que deberá ser polo menos unha redución da demanda enerxética anual global do 35%.

k) Para os edificios de vivendas, Informe de avaliación do edificio, conforme a Disposición transitoria primeira da Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas

#### **Base 14. Prazos**

Para a presentación da solicitude: O prazo para a presentación das solicitudes comenza o día seguinte da publicación destas bases e remata co esgotamento do orzamento ou número de actuacións, cun límite de presentación máxima ata o fin do convenio. Atenderanse por orden de solicitude, e unha vez esgotado o número máximo de solicitudes, as que se reciban posteriormente quedarán en reserva para os casos de renuncia ou desestimación.

Para a resolución: 60 días (hábiles) dende o remate do prazo establecido para a presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados dá a entender desestimada a concesión da subvención por silencio administrativo.

#### **Base 15.- Licenza urbanística**

Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

#### **REALIZACIÓN DAS OBRAS**

#### **Base 16.-Contratación e inicio das obras**

Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

O solicitante promotor das obras daralle conta ao Concello da data de comezo das obras mediante certificación de inicio de obra, no caso de ser requirido polo concello a través da Oficina Municipal de Rehabilitación.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, e en todo caso deberán estar rematadas e comprobadas con toda a súa documentación antes do 30 de novembro de 2025.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da dirección facultativa conformada pola Oficina Municipal de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa, orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e até o cobro total das axudas solicitadas.

## **XUSTIFICACIÓN DA FINALIZACIÓN, CUALIFICACIÓN DEFINITIVA E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

### **Base 17.- Xustificación da finalización**

As persoas ou entidades promotoras das actuacións, dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional, sempre con anterioridade ao 30 de xuño de 2025, comunicarán o seu remate ao Concello, co fin de obra no caso que o requira, de xeito que este teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:

- a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas exixencias establecidas na resolución de cualificación provisional.
- b) Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.
- c) Que o pagamento efectivo das facturas e os documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de cualificación provisional.

Asemade, coa comunicación, se achegarán:

- d) Certificado final de obra asinado e visado no caso de obras maiores.
- e) As facturas, que reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pagamento. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.
- f) Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas: Non se admitirán pagamentos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet, se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica de dita entidade bancaria.

A xustificación da actuación constitúe unha obriga do beneficiario que baixo a súa responsabilidade aportará a tal fin os orixinais das facturas pagadas ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

### **Base 18.- Cualificación definitiva**

A partir da elaboración do informe de final de obra ou de ser o caso desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación provisional, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ó órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

Dende o Concello elaborárase unha proposta de cualificación definitiva que se remitirá ao IGVS e que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificativo e a proposta de subvención final que se aboará e irá acompañada dunha certificación do cumprimento dos requisitos establecidos no Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do IGVS do 31 de maio do 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018 e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto a actuación como á persoas e entidades beneficiarias.

A xefatura territorial do IGVS, logo das comprobacións que considere oportunas, resolverá sobre a cualificación definitiva.

Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible.

Serán causas de denegación da cualificación definitiva, as seguintes:

- a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.
- b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, ou coa comunicación previa no caso de que a actuación non estivese sometida a licenza.
- c) Incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.
- d) Incumprimento de calquera dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do IGVS do 31 de maio do 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018 e no correspondente acordo específico, para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

A certificación municipal que se acompaña á proposta de cualificación definitiva constituirá a memoria económica xustificativa do custo da actividade esixida no artigo 48.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Á vista dos datos remitidos polo Concello, a área provincial do IGVS formulará a xustificación da aplicación dos fondos previstos en cada un dos

#### **Base 19.- Prazos**

O prazo de comunicación de final de obra é o da resolución de cualificación provisional, sempre con anterioridade ao 01 de xaneiro de 2026, comunicarán o seu remate ao Concello.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación definitiva será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación definitiva. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

Contra a resolución que sobre a cualificación definitiva diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

#### **Base 20.- Pagamento das axudas**

As axudas concedidas provisional e definitivamente serán aboadas ás persoas e as entidades beneficiarias, unha vez que o Concello certifique a finalización das obras e que o Instituto Galego de Vivenda e Solo emita o documento de cualificación definitiva.

O Concello xustificará os pagamentos realizados, tanto respecto das subvencións estatais, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento, como das subvencións autonómicas. Estas xustificacións deberán realizarse ás correspondentes áreas provinciais do IGVS nun prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagamentos.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

O ingreso farase efectivo por transferencia bancaria no número de conta que ó efecto indicou o interesado no momento de presentar a documentación.

Con carácter previo ao pagamento das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán achegar:

- a) Certificado da titularidade, sempre a nome do beneficiario, da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificación acreditativa e expedida pola respectiva administración de estar ao corrente dos pagamentos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co concello (que acadará o propio concello).
- c) Declaración responsable de que o beneficiario non está incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

#### **Base 21.- Comprobación de subvencións. Modificación da resolución**

O órgano concedinte comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade determinante da concesión da subvención.

#### **Base 22.- Modificación da resolución.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### **Base 23.- Reintegro da subvención**

Ademais das previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, serán causas de reintegro as seguintes:

- 1 O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
- 2 A non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación substancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

#### **Base 24.- Publicidade**

A publicación das presentes bases, realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, na paxina Web do Concello de Quiroga e no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da información complementaria que se poida realizar nos distintos medios de comunicación.

#### **Base 25.- Tratamento de datos de carácter persoal**

Conforme co artigo vixésimo oitavo da Resolución do IGVS do 31 de maio do 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018, os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitarse ante o IGVS.

Os datos das persoas solicitantes tamén serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A presentación da solicitude de axudas polos interesados leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

#### **Base 26.- Normativa**

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a seguinte normativa específica:

- O Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.
- A Resolución do IGVS do 31 de maio do 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (publicada no DOG 156, do venres 17 de agosto de 2018).
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Ademais será de aplicación:
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- A Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- O convenio suscrito entre o Concello de Quiroga, o Ministerio de Fomento e o IGVS relativo á ARI obxecto desta convocatoria.
- O convenio de colaboración asinado o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.
- O Real Decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Calquera outra normativa concordante que resulte de aplicación.

Quiroga, 17 de marzo de 2022.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

## SOBER

*Anuncio***DECRETO DE ALCALDÍA D. LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBER (LUGO).****DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

Visto que a alcaldía non vai poder exercer as atribucións que lle corresponden por ausencia do termo municipal durante o período comprendido entre o **16 de marzo de 2022** ata a reincorporación do Alcalde-Presidente.

En base ao disposto polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e a atribución que me confire o artigo 21.1. a), r) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**RESOLVO:**

1. Delegar as funcións e atribucións propias da Alcaldía na persoa de Dona Sonia Fernández Martínez, Segunda Tenente de Alcalde, no período comprendido entre o **16 de marzo de 2022** ata a reincorporación do Alcalde-Presidente.
2. Durante este período de substitución, a citada persoa exercerá as funcións e atribucións delegadas a título de Alcalde por Delegación.
3. No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade da anteriormente indicada persoa, as referidas funcións pasarían automaticamente ás demais Tenencias da Alcaldía, segundo a súa orde de nomeamento, e nas mesmas condicións establecidas na parte dispositiva deste decreto.
4. No suposto que o abaixo asinante alcalde se reincorporase as súas funcións antes de transcorrer o período expresado no apartado número un da parte resolutiva deste decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revocada.
5. Dar conta ao Pleno da presente Resolución na primeira sesión ordinaria que este órgano celebre.
6. Dispor a publicación do presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia.
7. Comunicar este Decreto a Dona Sonia Fernández Martínez.

Sober, 16 de marzo de 2022.- O Alcalde-Presidente, Luis Fernández Guitián.

R. 0602

## TRIACASTELA

*Anuncio*

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Triacastela para o ano 2021, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

**ESTADO DE GASTOS**

## A )Operacións non financeiras

## A-1 Operacións Correntes

1. Gastos de persoal	477.936,50 €
2. Gastos en bens correntes e servizos	408.245,13 €
3. Xuros	0,00 €
4. Transferencias correntes	35.092,61€
5.Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €

## A-2 Operacións de capital

6. Inversións reais	563.620,97 €
7.Transferencias de capital	0,00 €

## B) operacións financeiras

8.Activos financeiros	0,00 €
-----------------------	--------

9.Pasivos financeiros	0,00 €
Total gastos	1.484.895,21 €

**ESTADO DE INGRESOS**

## A )Operacións non financeiras

## A-1 Operacións correntes

1. Impostos directos	147.941,27 €
2. Impostos Indirectos	35.000,00 €
3.Taxas e outros ingresos	80.315,18 €
4.Transferencias correntes	658.017,79 €
5. Ingresos patrimoniais	0,00 €

## A-2 Operacións de capital

6. Enaxenacións reais	0,00 €
7.Transferencias de capital	563.620,97 €

## B) operacións financeiras

8.Activos financeiros	0,00 €
9.Pasivos financeiros	0,00 €
Total ingresos	1.484.895,21 €

## Plantilla de Persoal

**A) FUNCIONARIOS**

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	GRUPO	NIVEL C.D.
Secretaría-Interventora	1	A1	26
Algüacil	1	E	14

**B) LABORAL EVENTUAL**

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1
Arquitecta	1
Traballadora Social	1
Limpiadora	1
Auxiliar Axuda no Fogar	6
Peóns	4
Peón Forestal	1
Brigada Prevención e defensa contra Incendios	5
Tractorista	1
Administrativo	1

Triacastela, 24 de xaneiro de 2022.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0603

**Anuncio**

Aprobada inicialmente a Ordenanza reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local, ábrese un período de información pública por prazo de 30 días hábiles, contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento na Secretaría do Concello e formular as alegacións que estimen pertinentes.

Triacastela, 23 de decembro de 2021.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0604

## O VICEDO

### Anuncio

En virtud de lo dispuesto en el artículo 112 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, general tributaria y artículo 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, en relación con las deudas de naturaleza no tributaria que más abajo se relacionan, y no siendo posible practicar la notificación por causas no imputables a esta administración municipal, al tratarse de propietarios desconocidos, a medio del presente anuncio se cita a los propietarios de la parcela con referencia catastral 27064A037000110000PO para que comparezcan en el plazo máximo de 15 días naturales, que se computarán desde el día siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de lunes a viernes, en las oficinas administrativas del Ayuntamiento de O Vicedo (Lugo), sito en Travesía da Mariña, nº 57 de O Vicedo, a efectos de practicar las notificaciones pendientes en el procedimiento.

Transcurrido dicho plazo sin que comparezcan los propietarios de la parcela anteriormente referida, la notificación se entenderá producida a todos los efectos desde el día siguiente al vencimiento del plazo para comparecer.

NOMBRE DEL PROPIETARIO	NIF	NOTIFICACIÓN DEUDA	LUGAR/ REF. CATASTRAL	AYUNTAMIENTO
Desconocido	---	Gastos por ejecución subsidiaria de demolición de vivienda en estado de ruina.	O Sixto n.º 7, parroquia de San Román do Val (ref. catastral 27064A037000110000PO)	O Vicedo (Lugo)

O Vicedo, 17 de marzo de 2022.- El Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0605

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. A CORUÑA. SECRETARÍA DE GOBERNO

#### Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 04/03/2022, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**ANTAS DE ULLA:titular: DON JOSÉ RODRÍGUEZ VÁZQUEZ. DNI 33398404L.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

